

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de setembro do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 20 de setembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 2 de setembro de 2016.

2º.- Comunicacións previas (obra menor).

3º.- Licenzas de obra menor.

4º.- Licenzas de obra maior.

5º.- Cambio de titularidade de licenza de obra maior.

Fora da orde do día:

1º) Prezos públicos.

6º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 2 de setembro de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMIRO CALVO CARNOTA, con domicilio en Vexo 13, Luaña, na que comunica que vai lavar as fachadas de pedra da vivenda e impermeabilizar mediante aplicación líquida, en Vexo 13, Luaña.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DAVID GOMEZ SANJURJO, con domicilio en Vilar 5, Viceso, na que comunica que vai arranxar un galpón de 60 m² de superficie, situado en Vilar 5, Viceso. As obras consistirán no recebo das paredes, arranxo da cheminea e na substitución da uralita por outra nova de cor vermello.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que sobre as novas pranchas de fibrocemento se coloque tella e as fachadas sexan pintadas en cores acordes co entorno.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por REYNALDO CARDONA PAULINO, con domicilio na Praza do Concello 2, baixo A, Brión, na que comunica que vai construír un peche translúcido de 9,90 metros de lonxitude sobre o linde da terraza da vivenda da Praza do Concello 2, baixo A, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Julio Ramos Guzmán, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACION MONTE BALADO BLOQUES 15, 16 e 17, con domicilio na Avd. da Mahía 49, 1ºB, Bertamiráns, Ames, na que comunican que van revestir e pintar as fachadas e arranxar os muros de peche dos edificios da Urb. Balado 19-21-23-25-27-29, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCION NOVO LODEIRO, con domicilio en Tembra 35, Boullón, na que comunica que vai substituír un poste de formigón de Fenosa situado no interior do muro de pedra de peche da parcela de Tembra 35, Boullón e colocalo no exterior do muro.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRO LOURIDO SANCHEZ, con domicilio en Gronzo 48, Brión, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Gronzo 48, Boullón:

- Construción dun peche no fronte da parcela de 30 metros de lonxitude, con adobe ata 1,20 metros e celosía por encima ata 1,80 metros medidos sobre a rasante do terreo e a 4,00 metros do eixo da estrada.

- Construción dun peche de 88 metros de lonxitude, con base de adobe e maia por encima ata 1,80 metros medidos sobre a rasante do terreo, pola parte traseira da finca e polo vento sur.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por REBECA MOARES SAMPEDRO, con domicilio en Liñares 49, Brión, na que comunica que vai construír un peche no lateral da parcela de Liñares 49, Brión, de 27 metros de lonxitude, con bloques de formigón ata unha altura máxima de 1,20 metros.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que o muro de peche se enfusque e pinte.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Mercedes Ces Boullón, que di actuar en representación de MARIA MERCEDES BOULLON LAGO, con domicilio na Pedreira 1, Luaña, na que comunica que vai colocar un portal de aluminio de 4 metros de ancho e un cancelo de 1,20 metros de ancho, e a 4 metros do eixo da pista, na Pedreira 1, Luaña.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que se deixe libre un recuado dun mínimo de 3 metros de profundidade desde a liña de peche, como se reflicte no informe técnico do que se remitirá copia á interesada xunto coa notificación deste acordo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BENIGNO VAZQUEZ COUSELO, con domicilio na Avd. de Noia 42, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior das fachadas da vivenda da Avd. de Noia 42, Os Ánxeles, de 10 x 9 metros, en cor branco.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN GOMEZ BARREIRO, con domicilio en Souto 7, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Souto 7, Os Ánxeles, substituindo a tella existente por tella nova, nunha superficie de 80 m², sen incrementar o volume actual da cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFONSO DEL RIO FREIRE, con domicilio en Tourís 3, Luaña, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Tourís 3, Luaña, substituindo a tella do revocado e o canalón por outro novo, sen incrementar o volume actual da cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIAN IGLESIAS SANCHEZ, con domicilio en Lamego 31, Rois, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Coruxido 27, Bastavales:

- Reparación da cuberta de 70 m², substituindo a tella actual por outra nova, sen incrementar o volume.

- Construción dunha soleira de 30 m² no vento oeste da vivenda.

- Construción dun galpón de 50 m² no vento sur da vivenda, con bloque de formigón e revestido de pedra.

- Reparación do muro de peche existente, consistente na limpeza da pedra e encintado con cemento.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación (NRL2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa seguinte condición:

- Segundo as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2) a edificación deberá ser exenta polo que o galpón non poderá situarse adosado á edificación principal existente, debendo gardar un recuamento mínimo a lindeiros posteriores e laterais de 3 m e a aliñación de 7 m.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

ll) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS GOMEZ BARREIRO, con domicilio en Souto 1, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Piñeiro 5, Os Ánxeles:

- Demoler un cerramento de 27 metros de lonxitude e construír un novo de formigón de 80 cm. de altura con enreixado por encima ata 1,80 metros de alto medidos sobre a rasante natural do terreo e a 4 metros do eixo do camiño.

- Facer un garaxe aberto con postes de madeira e uralita e tella do pais por encima, na parte dianteira esquerda da vivenda, de 6 x 4,50 metros.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación (NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa seguinte condición:

- Segundo as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-1) a edificación deberá ser exenta polo que o garaxe non poderá situarse adosado á edificación principal existente, debendo gardar un recuamento mínimo a lindeiros posteriores e laterais de 3 m e a aliñación de 7 m.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFA SALADINA MOSQUERA MONTAÑA, con domicilio en Babenzo 24, Bastavales, na que comunica que vai ampliar o galpón existente en Babenzo 24, Bastavales, nunha superficie de 50 m², con bloques de formigón e cuberta de uralita.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL1).

Visto o informe desfavorable da arquitecta municipal do 19.09.2016, no que se sinala: Segundo as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1) a edificación deberá ser exenta polo que o galpón existente atópase en situación de fora de ordenación segundo o PXOM e nel soamente se poderán realizar as pequenas reparacións que esixa a hixiene, o ornato e a conservación do inmovible.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe desfavorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade, non autorizar as obras polo motivo exposto no informe transcrito.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JAVIER POSE CASAL, con domicilio na Rúa Santiago 18 B, Os Ánxeles, na que comunica que vai ampliar a vivenda situada na Rúa Santiago 18 B, Os Ánxeles, segundo memoria técnica redactada polo arquitecto técnico Jesús Baliña de Jesús.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2, UC2, segundo a cal o sistema de ordenación permitido é de edificacións exentas.

Visto o informe desfavorable da arquitecta municipal do 09.09.2016, no que se sinala: Segundo o artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o planeamento urbanístico determinará o réxime ao que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes a súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fora de ordenación por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos.

Segundo o apartado 3.2.1.21 do PXOM, nos edificios que se atopan en situación de fora de ordenación por non axustarse por enteiro ás condicións establecidas polo PXOM para a zona

da ordenanza na que se localizan, sendo indistinto que se iniciasen antes ou despois de ter acadado o plan a súa aprobación definitiva, non se poderán realizar obras que supoñan consolidación, aumento de volume, modernización ou incremento do seu valor de expropiación. Si se poderán, sen embargo, levar a cabo neles as pequenas reparacións que esixa a hixiene, o ornato e a conservación do inmovible.

Segundo a Lei 38/1999, de ordenación da edificación (LOE), a obra solicitada supera as obras de hixiene e conservación, dado que teñen consideración de edificación segundo o artigo 2.2.b) por supoñer unha intervención parcial sobre un edificio existente que produce unha variación esencial da composición xeral exterior e da volumetría.

Visto o informe desfavorable do asesor xurídico urbanístico do 19.09.2016, no que se sinala:

Primeiro.- A edificación é desconforme co planeamento, se ben en rigor non se pode dicir que se atope en situación de fora de ordenación.

Tradicionalmente, antes da aprobación da LOUG, entendíase que se atopaban en situación de fora de ordenación todas as edificacións construídas con licenza concedida antes da entrada en vigor do planeamento (situación á que a xurisprudencia asimilaba aquelas para as que tivese transcorrido o prazo de adopción de medidas de reposición da legalidade). A LOUG introduciu a distinción entre a situación de fora de ordenación total e parcial, aínda que sen precisar en qué casos se entendía que concorria unha ou outra. Agora a nova Lei 2/2016 dá un paso máis e no seu art. 90 reserva a cualificación de edificacións en situación de fora de ordenación exclusivamente a aquelas que resulten incompatibles co planeamento por estar afectadas por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos, sinalando que as demais edificacións desconformes co planeamento nas que non concorran tales circunstancias non se atoparán en situación de fora de ordenación, debendo o planeamento establecer o réxime ao que haxan de someterse e, como mínimo, poderán levarse a cabo as mesmas obras que nas edificacións en situación de fora de ordenación, isto é, as obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

Polo tanto, trátase dunha edificación desconforme co planeamento, que non se atopa en situación de fora de ordenación, e na que o planeamento municipal pode establecer a clase de obras que se poden autorizar nela.

Agora ben, a cuestión é que o planeamento de Brión, tributario do réxime previo á LOUG, non gradúa as situacións de fora de ordenación, senón que no seu apdo. 3.1 do PXOM de Brión regula unha única clase de edificacións desconformes co planeamento, que denomina como “en situación de fora de ordenación” e que define como aquelas que “non se axustan por enteiro ás condicións establecidas polo PXOM para a zona de ordenanza na que se localicen”. E no apdo. 3.2.1.21 do PXOM establécese que non se poderán realizar obras que supoñan consolidación, aumento de volume, modernización ou incremento do seu valor de expropiación, senon só pequenas reparacións que esixa a hixiene, ornato e conservación do inmovible, permitíndose unicamente obras parciais e circunstanciais de consolidación se non estivese prevista a expropiación nos seguintes quince anos.

Polo tanto, non existe regulación específica no PXOM que permita dulcificar o réxime de fora de ordenación en edificacións desconformes co planeamento que non se atopan na situación de fora de ordenación polo que, en ausencia de regulación específica, as únicas obras autorizables, conforme ao art. 90 da Lei 2/2016, son as mesmas que nos edificios incursos en situación de fora de ordenación, isto é, as obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

Segundo.- Polo tanto, para determinar se as obras que se pretenden levar a cabo resultan ou non autorizables, haberá que analizar si se poden entender englobadas dentro das de “conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente”, únicas admisibles segundo se acaba de sinalar no apartado precedente.

E analizada a Memoria Valorada presentada, e aínda que no apartado de “xustificación urbanística” dise que se trata dun elemento desmontable, compróbase que na realidade a instalación que se propón consiste nunha estrutura fixa, mediante columnas de pedra que suxeitan unha viga frontal de madeira sobre a que apoian os pontóns da cuberta, rematada, con tella cerámica, e pechada con cristais polos laterais. É dicir, con toda claridade resulta que o que se pretende levar a cabo consiste nunha ampliación da vivenda unifamiliar, como di o informe técnico municipal, mediante unha estrutura fixa, e non nunha mera “cubrición dunha terraza” “facilmente desmontable” como se di eufemisticamente na solicitude.

Polo tanto, a actuación que se pretende executar non resulta autorizable, dada a situación de desconformidade co planeamento na que se atopa a edificación, xa que tal “cubrición de terraza” só podería autorizarse no caso de que efectivamente se tratase dunha instalación

desmontable, tal como un toldo, lona, carpa ou similar, suxeita con cables ou, como moito, cunha estrutura metálica plegable. Pero non se pode autorizar unha ampliación fixa como a que se pretende.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes desfavorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, non autorizar as obras comunicadas polos motivos expostos nos informes transcritos, informando ao interesado que a comunicación previa das obras carece de toda eficacia para amparar a súa realización, polo que deberá absterse de realizalas.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MAXIMINO TOBIO BUSTELO, con domicilio en Babenzo 21, Bastavales, na que solicita licenza de obra para arranxar unha tubería de auga na estrada que conduce á Igrexa de Bastavales, no lugar de Bemil, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que se repoña ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado, ademais de comunicar ao concello o día no que se vai proceder á reparación para poder efectuar a visita por parte do departamento de obras.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Nuria Blanco Paz, que di actuar en representación de GAS GALICIA SOCIEDAD PARA EL DESARROLLO DEL GAS SA, con domicilio en Calle Lisboa, Edificio Area Central, Local 31 HIJ, Polígono Fontiñas, planta baixa, Santiago de Compostela, na que solicita licenza de obra para realizar unha acometida de gas sobre canalización existente, para dar subministro de gas natural a unha vivenda na Rúa Lameiras 10, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A rede e a acometida construírase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas, sección de zanja, materiais,...
- A separación da conducción con outras instalacións será como mínimo de 0,20 metros en cruces e de 0,40 metros en paralelo para a media presión A, e de 0,10 metros en cruces e de 0,40 metros en paralelo para a media presión B e baixa presión.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 50,64 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza. No caso de incumprimento destes prazos procederá á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Deberá notificar ao concello a data de iniciación das obras.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CARLOS ANTONIO CALO BARBAZAN, con domicilio en Ombre 1, Viceso, de solicitude de licenza de obra maior para ampliar unha fosa de purín, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 462/16.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o disposto ao

respecto pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, de acordo co establecido pola disposición transitoria primeira, apartado 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 462/16.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ALVARO RODRIGUEZ CASAL, con domicilio en Vioxo de Arriba 11, Luaña, de solicitude de licenza de obra maior para construción de silos en Vioxo de Arriba, Luaña, segundo proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristóbal José Vázquez Lamas, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 15/03/2016, e documentación complementaria presentada o 08/09/2016 (r.e.3882).

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o disposto ao respecto pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, de acordo co establecido pola disposición transitoria primeira, apartado 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristóbal José Vázquez Lamas, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 15/03/2016 e documentación complementaria presentada o 08/09/2016 (r.e.3882).
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar a documentación complementaria presentada o 08/09/2016 (r.e.3882) debidamente visada para incorporar ao expediente.

- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por José Sampedro Gandarela, que di actuar en representación de SAMPEDRO GANDARELA SC, con domicilio en Vioxo de Abaixo 9, Luaña, de solicitude de licenza de obra maior para ampliar unha explotación de vacún de leite (ampliación do silo, ampliación do almacén, ampliación do curro, construción dun estercoleiro e dun muro de contención de terras) en Vioxo de Abaixo, Luaña, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Oscar Javier Pose Andrade, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 30/03/2016 e anexos 1, 2 e 3 con visados do 04/04/2016, 26/05/2016 e 14/09/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro de dúas clasificacións de solo:

- 5.342 m² están clasificados como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o disposto ao respecto pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, de acordo co establecido pola disposición transitoria primeira, apartado 2.d)
- 4.145 m² atópanse dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona oeste (SNRO-2).

O concelleiro José Luis Sampedro Bouzas abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 28.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar Javier Pose Andrade, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 30/03/2016 e anexos 1,2 e 3 con visados do 04/04/2016, 26/05/2016 e 14/09/2016.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMON IGLESIAS LEBORANS, con domicilio na Rúa República Argentina 45, 3º dereita, Ferrol, de solicitude de licenza de obra maior para demoler unha edificación en Sabaxáns 55, Bastavales, segundo proxecto de demolición redactado polo arquitecto Luís Antonio Garea Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30/05/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dun escrito asinado por Javier Rivadulla Montaña, que di actuar en representación de BUILDINGCENTER SAU, con domicilio en R/ Provençals 39, Barcelona, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local o 19/09/2006 a Promociones Pazos Souto 2000 SL.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder o cambio solicitado, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, poñendo a licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, a nome de BUILDINGCENTER SAU, con CIF: A-63106157 e domicilio en R/ Provençals 39, Barcelona.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1º) PREZOS PÚBLICOS.

1º) Prezo público pola asistencia ao curso de manexo de drons do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de manexo de drons do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao curso de manexo de drons do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....80,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

2º) Prezo público pola asistencia aos obradoiros de Nadal do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos obradoiros de Nadal do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia aos obradoiros de Nadal do ano 2016, de acordo coas seguintes tarifas:

- Prezo público primeiro irmán.....30,00 €

- Prezo público segundo irmán.....15,00 €

- Prezo público terceiro irmán e seguintes.....0,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

3º) Prezo público pola asistencia ao curso de contabilidade básica práctica do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de contabilidade básica práctica do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de contabilidade básica práctica do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....20,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

4º) Prezo público pola asistencia ao obradoiro de cestería do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao obradoiro de cestería do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao obradoiro de cestería do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno obradoiro.....25,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

5º) Prezo público pola asistencia ao curso de monitor de tempo libre do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de monitor de tempo libre do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de monitor de tempo libre do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....120,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

6º) Prezo público pola asistencia ao curso de manexo de carretilla elevadora do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de manexo de carretilla elevadora do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de manexo de carretilla elevadora do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....10,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7º) Prezo público pola asistencia ao curso de primeiros auxilios do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de primeiros auxilios do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de primeiros auxilios do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....25,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

8º) Prezo público pola asistencia ao obradoiro de cociña do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao obradoiro de cociña do ano 2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao obradoiro de cociña do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....30,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González